

BANDO DA ALCALDÍA SOBRE O PARQUE EÓLICO DE BARROSINO

José Antonio Pereira Gil, alcalde do Concello da Baña,

Comunicalle á veciñanza das parroquias de Marcelle, O Barro e San Vicenzo que saíu a exposición pública durante o prazo de 30 días o proxecto do parque eólico de Barrosino, que ten previsto instalar aeroxeradores en Marcelle e O Barro. A información relativa ao proxecto está dispoñible no DOG núm. 174, do 9 de setembro de 2021, e no taboleiro de anuncios da casa do concello .

En relación con isto, o Concello da Baña anima a veciñanza afectada a consultar este proxecto e a presentar as súas alegacións antes do 22 de outubro de 2021. Para iso, o Concello analizará toda a documentación relativa ao proxecto co fin de ofrecer asesoramento e remitir as alegacións oportunas.

Cómpre salientar que as persoas afectadas terán á súa disposición un gabinete xurídico para consultar a documentación, o día 22 de setembro de 2021, en horario de 09.00 a 14.00 h. Para poder ser atendidas, deberán pedir unha cita previa chamando ao teléfono do Concello 981 886 501.

A Baña, 14 de setembro de 2021

O alcalde



José Antonio Pereira Gil